

Decreto e instrucións FP

Santiago, 18 e 27 de xuño de 2025

Na Mesa Sectorial de Educación comezamos tratando:

1. Resolución da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións sobre a ordenación e a organización dos graos D e E de formación profesional para o curso 2025-2026.

O que o profesorado de formación profesional nos transmite é o seguinte:

- A parte que menos se entende é a dualización dos módulos transversais IPE, IPE II, Dixitalización aplicada aos sectores produtivos e Inglés Profesional.

O módulo de **Inglés profesional** xera unha redución de carga lectiva no resto de módulos e iso crea preocupación. Os contidos seguen a ser os mesmos e o tempo redúcese á metade. O profesorado consideran que o inglés xa é unha materia estudada no seu momento noutras etapas, e que é accesible a todo o alumnado por diferentes vías públicas.

Tamén se mostra a preocupación sobre o antigo módulo de Inglés Profesional de 160 horas porque agora pasa a ser de 150 horas en tres módulos co mesmo código.

O subdirector responde que foi un erro por parte do Ministerio conservar o mesmo código, pero que non será un problema a validación dos tres módulos de Inglés porque suman un total de 150h.

- Dende UGT pedimos que o Inglés Profesional sexa impartido por un titulado de nivel C1 ou C2 antes que con B2. Moito do profesorado con titulación B2 non se sente capacitado para dar a materia garantindo a calidade do ensino.

A Consellería analizará a redacción máis axeitada para aclarar este punto neste senso.



- Seguindo co inglés, lembramos á Administración que prometeu proporcionar material técnico para cada familia profesional e todavía non hai acceso a ese recurso. Queremos saber se este curso 2025-26 contaremos con tal material.

A Directora Xeral informa de que están pedientes de que os servizos informáticos permitan colgar esos materiais.

2. Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.

A directora xeral informa de que se intentará colgar a semana que ven no portal educativo, tanto este documento como o das instrucións.

- **Artigo 4.1.e:** entendemos que igual que se nos dixo na mesa anterior e no Consello Galego de FP, este punto da habilitación do profesorado con B2 ou superior, entendemos que se dará prioridade ao profesorado con maior nivel lingüístico.

Insisten no feito de que se analizará a posible modificación da redacción para levalo nese senso.

- **Artigo 20:** programas formativos dirixidos a persoas con necesidades educativas especiais: non establece o procedemento para definir alumnado destinatario nin os criterios que permiten desenvolver o programa (un número de alumnado, requisitos do mesmo, ...) Se tendo unha discapacidade do 33% ou un grado de dependencia, esa persoa tería dereito a esta formación? Se a ratio de alumnado con NEE ou NEAE se ve reducida a menos de 30?

A orde que desenvolva o decreto fará maiores concrecións sobre este tema coma noutros que o necesitan. Hai unha formación pilotaxe sobre unha formación adaptada que corresponde a unha parte do ciclo cun máximo de 18 alumnos e alumnas. É unha formación básica adaptada para alumnado que non pode seguir unha formación ordinaria.



Este tema é para desenvolve-lo xunto con outras Direccións Xerais da Consellería de Educación e plasmalo nunha normativa posterior.

- **Artigo 23:** Pedimos que sexa o equipo docente quen seleccione o alumnado para as empresas e que non sexa persoal da empresa que o faga. O equipo docente é que mellor coñece a capacidade e o coñecemento do alumnado.

Seguirá sendo o mesmo sistema que o que se está aplicando este curso.

- **Artigo 27:** xerouse preocupación por saber que programa informático será utilizado o curso que ven, se é o mesmo ou pasa a ser PROENS.

O subdirector expón que a posibilidade de adaptar o programa actual á actualización normativa levaría meses de traballo, por iso se cambiará ao PROENS. Ofertarase unha formación sobre programación para o profesorado e darase flexibilidade na entrega das mesmas.

- **Artigo 25:** período de realización da formación en centros de traballo. No **punto 3** faise referencia ao profesorado con horas vacantes no período de formación en empresas sería adecuado aproveitar a redacción deste decreto para que se teñan algúns criterios en conta á hora de asignar outras tarefas a este profesorado. Debería en todo caso respectar quendas e grupos asignados, xa que aproveitar este período para realizar estes cambios non respectaría a normativa para a elección de horarios de inicio de curso.

A norma xa non permite esas modificacións horarias.

- **Artigo 47:** Requisitos para impartir docencia, faise referencia a poder ampliar voluntariamente a súa dedicación considerándose de interese público ...Que quere dicir esta frase? Que poden voluntariamente incrementar o seu número de horas de docencia?

O profesorado de xeito voluntario pode ampliar a 2200 horas de dedicación.

- **Artigo 48:** Persoas expertas do sector produtivo. Xa que é unha contratación destinada a desempeñar un labor público como docente debería facerse un proceso de contratación público e transparente é dicir que se establezan xa en decreto ou polo menos na orde que



desenvolva este decreto criterios que determinen que esa contratación vai ser efectivamente realizada baixo principios de contratación pública e non colocados a “dedo”.

Dende UGT estaremos vixiantes de que o persoal contratado sexa persoal cualificado.

- Na disposición adicional 1ª, descríbese unha relación coas empresas idílicas pero na realidade non ocorre así. O alumnado traballa en ámbitos que non están directamente relacionados co aprendido no centro educativo. Deberían ter unha relación máis estreita con titor da empresa, máis alá dunha simple presentación dun día.

A Consellería informa dos seguintes puntos:

- Cando o Decreto esté encauzado, comezase coa tramitación dos curriculos. A pesares de que non hai moita marxe de manobra.
- Se hai algún punto que se teña que engadir podese propoñer pero facer maiores concrecións non son posibles.
- Pasarannos unhas guías que elaborarán dende a Consellería. O seu contido serán casuísticas concretas sobre alumnado que compatibilice estudos con traballo na formación modular.

3. Rolda de intervencións

- En relación de departamentos con 25 e mesmo máis profesores, pedimos que se gratifique aos xefes de departamento que teñan determinado número de profesores no mesmo, igual que se gratifica ás direccións dependendo do tamaño do centro. Non resulta xusto que se pague igual a un xefe de departamento que ten a dous profesores ou que está só no departamento, ao ser unipersoal, que a un xefe de departamento que ten trinta profesores no seu departamento.
- En relación as oposicións, consideramos que as consultas públicas pechadas deberían ser abertas xa que como o seu nome o indica, son consultas públicas.

Trasladarán a información á Dirección Xeral correspondente.



UGT



Servizos
Públicos
Ensino

Informa-t

UGT Servizos Públicos de Galicia

Tlfo: 981 572 820

galicia@ugt-sp.ugt.org

<https://galicia.ugt-sp.es>



POR · PARA · CON · DE · DESDE · ENTRE

